

qué é? cpetig

O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) xorde en decembro do 2007, froito da Lei do Parlamento de Galicia do 1 de decembro de 2006. O Colexio é unha corporación de dereito público que traballa para organizar, protexer, mellorar e velar por un axeitado exercicio da profesión, con garantía de calidade e vontade de servizo á Sociedade.

O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia debe ser o garante de que o exercicio desta profesión se axuste ás normas e ás regras que aseguren tanto a eficacia coma a eventual responsabilidade en tal exercicio, e polo tanto queda así garantida a finalidade última que é a protección dos dereitos dos cidadáns.

Por qué o Colexio?

A Constitución e as leis que a desenvolven recollen a figura dos Colexios Profesionais. E outórganlle a estes legalmente funcións, voz e voto no relativo á profesión.

A non existencia dos Colexios Profesionais de Enxeñarías en Informática fixo que ata entón os únicos que tiveran voz e voto sobre a evolución da Sociedade da Información, as TIC e as necesidades profesionais nestes eidos en Galicia foran a administración, as empresas e diversos Colexios Oficiais doutras profesións, mais non os profesionais das enxeñarías en informática.


Coléxiate!

Avanza connosco... Iremos a máis!

O Colexio e a súa fortaleza depende do número de Colexiados que teña detrás. Agora é realmente cando os que se queren implicar na mellora da profesión e na súa mellora laboral deben de dar un paso adiante.

Nos últimos meses o Colexio está a experimentar un crecemento continuo do número de Colexiados, animate, no noso sitio web oficial (<http://www.cpetig.org>) tes toda a información, só tes que seguir as instrucións para pasar a beneficiarte de tódalas vantaxes de pertencer ao CPETIG: un seguro de responsabilidade civil DE BALDE, acceso a varios seguros con condicións vantaxosas, convenios con entidades financeiras, asesoría legal, convenios de formación con outras entidades e por suposto todo un amplo abano de cursos formativos especializados e de calidade a prezos moi reducidos que completarán os teus coñecementos nos campos máis importantes do sector: peritaxes informáticas, xestión de proxectos, metodoloxías de programación, calidade do software, seguridade informática ...

www.cpetig.org



colexio profesional
de enxeñaría técnica en
informática de galicia

